Acordo do 22 de abril de 2026 do Departamento Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Carral (expediente IN407A 2024/093-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Regulamentación LAMT 15 kVA RAL703 Meirama 3 entre apoios AI2PDD2V//131 (13582641) e AI3JS7HC//135 (13582396), no concello de Carral (expediente IN407A 2024/093-1), por resolución deste departamento territorial, do 3 de febreiro de 2026, a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña.

Este departamento territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día **17 de xuño de 2026** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con este acordo no taboleiro de edictos do concello de Carral, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 3.2.2025, no BOP do 17.1.2025 e no xornal *La Voz de Galicia* do 20.1.2025, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 22 de abril de 2026.

Isidoro Martinez Arca

Director Territorial da Coruña

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
https://economia.xunta.gal

Asinado por: MARTINEZ ARCA, ISIDORO
Cargo: Director Territorial
Data e hora: 22/04/2026 09:26:54

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: UxqSICSALAL8 https://sede.xunta.gal/cve